

Prehistoria 1 e 2

Empregando a información que tes **nos puntos 1 e 2 do tema 9** (páxinas 156 a 159 do libro) realiza os seguintes exercicios.

1. Indica a que homínido se refiren as seguintes características: (pono ao final de cada parágrafo)

Aparece hai 2,3 millóns de anos (Paleolítico inferior) en África oriental e non abandona o continente. É o primeiro fabricante de instrumentos (seixo afilado-chopper). Comeza a falar.

Aparece hai 1,6 millóns de anos (Paleolítico inferior) en África oriental. Coloniza toda África e o continente eurasiático. Utiliza instrumentos de pedra de sílex afiada polas dúas caras (biface). Participa en cazarías en grupo e usa o lume.

Aparece hai uns 4,5 millóns de anos (Paleolítico inferior) no val do Rift (África oriental). Utiliza paus e pedras pero non fabrica instrumentos. Con el principia o bipedismo.

Aparece hai uns 200000 anos (Paleolítico superior) en África oriental. Espállase por Asia, Oceanía, Europa e América. Utiliza instrumentos de óso e hasta (propulsor, arpón...). Realiza as primeiras mostras de arte.

Aparece hai uns 300000 anos (Paleolítico medio) só en Europa como unha evolución do Homo erectus. Extínguese hai uns 40000 anos. Utiliza instrumentos de sílex (frecha, raspadeira, perforador...). Realiza os primeiros enterramentos.

Sinala cunha S os factores que fixeron posible a hominización e cunha X o resto:

- Cor dos ollos e do pelo.
- Desaparición do pelo corporal.
- Desenvolvemento do cerebro.
- Diferenzas na cor da pel.
- Diminución do tamaño da mandíbula e dos dentes.
- Fronte plana.
- Linguaxe.
- Marcha bípede.
- Posición vertical.

3. Pon ao lado de cada debuxo o nome do homínido correspondente.



- **Talle:** 1,10 m.
- **Peso:** 40 kg.



- **Talle:** 1,60 m.
- **Peso:** 60 kg.



- **Talle:** 1,70 m.
- **Peso:** 70 kg.



- **Talle:** 1,65 m.
- **Peso:** 80 kg.




- **Talle:** 1,59 m.
- **Peso:** 50 kg.

4. Completa as frases coas palabras axeitadas:

- O primeiro período prehistórico é o , que significa " ".
- O Paleolítico espallouse ao longo de case millóns e medio de anos e divídese en tres etapas: I , e S .
- As primeiras comunidades de seres humanos vivían da de animais, da ou colleita de froitos e da ; eran .
- Os primeiros seres humanos eran , isto é, non tiñan residencia fixa e trasladábanse buscando comida e refuxio.
- O descubriu o lume.
- Os homes de aprenderon a prender o lume.
- As primeiras ferramentas fabricadas polos humanos eran simples (seixos ou croios) para conseguir un fío ou gume cortante.
- O é un mineral moi duro que ao bater nel rompe en láminas e produce unha aresta moi afiada.
- Un é unha ferramenta de pedra cortada polas dúas caras.
- Os primeiros humanos tamén empregaron materiais, como o ó e a h , cos que facían anzois, arpóns, agullas, arcos...

5. Indica que están a facer os personaxes deste campamento paleolítico:



- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.

7. Que diferenza hai entre utilizar e obter o lume? Que funcións tiña o lume? Xustifica por que o dominio do lume mudou de xeito considerable a vida dos homes e das mulleres do Paleolítico.

8. Cal destas dúas imaxes é un útil prehistórico?

Como o recoñeciches?



Cal é o seu nome? De que material está elaborado? Cal era a súa utilidade?